

## I. DISPOSICIÓNS XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS COAS CORTES E MEMORIA DEMOCRÁTICA

**5900** Orde PCM/509/2020, do 3 de xuño, pola que se regulan as especialidades na Garda Civil.

A Garda Civil, como parte integrante das forzas e corpos de seguridade do Estado, ten a misión de protexer o libre exercicio dos dereitos e liberdades e garantir a seguridade cidadá, encomendada pola Constitución española no seu artigo 104.

A Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade, en desenvolvemento do mandato constitucional, recolle no capítulo II do seu título II as funcións que deben desempeñar as forzas e corpos de seguridade do Estado para o cumprimento de tal misión.

O desenvolvemento das funcións asignadas nun ámbito de seguridade en permanente dinamismo, caracterizado pola súa volatilidade e complexidade, debido a dinámicas como o ritmo acelerado de transformación impulsado pola tecnoloxía, impón que a Garda Civil deba dispoñer da capacidade de adaptación necesaria para poder ofrecer unha resposta eficaz ás ameazas e aos desafíos á seguridade.

Para iso, resulta imprescindible dispoñer de persoal especializado que posibilite elevar o nivel de eficacia e a mellora constante da calidade do servizo que se presta á sociedade.

Así, no seo do corpo foron creándose, de xeito progresivo, diferentes especialidades tendentes a garantir o axeitado desempeño das funcións en áreas de actividade concretas que requiren de competencias específicas derivadas tanto da propia función que se vai desempeñar como da especificidade dos medios e das técnicas e dos procedementos que se van empregar.

Por iso, desde a aprobación da *Orden General* número 16, do 21 de outubro de 1999, de regulación das especialidades da Garda Civil, xurdiu a necesidade de satisfacer novas demandas de especialización en diferentes áreas de actuación profesional.

Pola súa banda, a entrada en vigor da Lei 29/2014, do 28 de novembro, de réxime do persoal da Garda Civil, xunto coa súa normativa de desenvolvemento en materia de destinos e de ensino, introduciu importantes cambios nestes ámbitos que afectan plenamente o sistema de especialidades do corpo.

A situación descrita impón a necesidade de actualizar en profundidade a ata agora vixente normativa reguladora das especialidades no seo da Garda Civil, co fin de aliñar esta tanto coa actual realidade das especialidades como cos sistemas de ensino e de provisión de destinos implementados no corpo.

Esta orde ministerial vén, polo tanto, establecer unha regulación integral do sistema de especialidades da Garda Civil, dotándoo de maior coherencia, ademais de dar cumprimento á facultade outorgada aos ministros do Interior e de Defensa para o desenvolvemento das especialidades previsto no artigo 23 da Lei 29/2014, do 28 de novembro.

A presente disposición normativa regula nun total de trece artigos todos os aspectos sobre os que descansan as especialidades, recollidos no dito artigo 23 da Lei 29/2014, do 28 de novembro, e destaca como principal novidade a acreditación dunha cualificación específica como requisito fundamental para a obtención dunha especialidade.

Pola súa banda, cabe salientar a definición de novas especialidades, que modifican substancialmente o elenco das consideradas na anterior regulación, así como a súa articulación en diferentes modalidades, a teor da diversidade e complexidade das capacidades que as configuran.

Outra novidade significativa que se incorpora é a posibilidade de compatibilizar diferentes especialidades por parte do persoal de determinadas unidades que, polas funcións que teñen encomendadas, así o requiran.

Especial mención merece o anexo da norma, integrado polas fichas de cada unha das especialidades e as súas respectivas modalidades, nas cales se definen especificamente os diferentes elementos que as configuran, e cabe destacar, entre outros, as escalas e os empregos de obtención e ocupación; as cualificacións específicas requiridas; as limitacións de idade para a súa obtención e permanencia; a compatibilidade con outras especialidades; as probas e condicións de mantemento e renovación; e os períodos de servidume e postos orgánicos para o seu cumprimento.

A norma adecúase aos principios de boa regulación de conformidade co artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Por último, e en cumprimento do disposto no artigo 54 da Lei orgánica 11/2007, do 22 de outubro, reguladora dos dereitos e deberes dos membros da Garda Civil, esta orde foi sometida ao informe do Consello da Garda Civil.

Na súa virtude, por proposta conxunta dos ministros do Interior e de Defensa, logo da aprobación do titular do Ministerio de Política Territorial e Función Pública e de acordo co Consello de Estado, dispoño:

#### Artigo 1. *Obxecto.*

Esta orde ministerial ten por obxecto desenvolver o artigo 23 da Lei 29/2014, do 28 de novembro, de réxime do persoal da Garda Civil, e determinar:

- a) A definición das especialidades e as súas modalidades; os requisitos e as condicións exixidas para a súa obtención e exercicio; a compatibilidade entre elas; así como as escalas e os empregos en que se poden adquirir e manter de acordo cos niveis de cualificación que se establecen nesta orde.
- b) As cualificacións específicas que habilitan para o exercicio dunha actividade profesional en postos orgánicos de especialistas, así como os criterios xerais e condicións para o seu mantemento, renovación, caducidade e perda.
- c) O cumprimento de servidumes en postos orgánicos de especialistas.

#### Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

Esta orde ministerial é de aplicación a todos os gardas civís nas situacións de activo e reserva vinculados ás especialidades reguladas nesta norma.

#### Artigo 3. *Definicións.*

1. Para os efectos previstos nesta orde ministerial, establécense as seguintes definicións:

- a) Especialidade: conxunto de capacidades que habilitan o persoal da Garda Civil para o desempeño de funcións específicas en áreas concretas de actividade en unidades ou postos orgánicos da estrutura da Garda Civil, para cuxo exercicio se requira dunha ou varias cualificacións específicas.
- b) Cualificación específica da Garda Civil: conxunto de competencias que proporcionan a aptitude requirida para o exercicio profesional en postos orgánicos de especialista.
- c) Especialista: o compoñente da Garda Civil que, contando cunha cualificación específica que o capacite para desempeñar as funcións propias dunha especialidade da Garda Civil, ocupe un posto orgánico para cuxa asignación ou ocupación temporal sexa preceptiva a dita cualificación.
- d) Postos orgánicos de especialistas: aqueles postos de traballo despregados nas unidades para cuxa asignación sexa preceptiva unha cualificación específica da Garda Civil.
- e) Unidades de especialistas: aquelas que están conformadas maioritariamente por postos orgánicos de especialistas.

2. Así mesmo, considéranse de aplicación, para os efectos previstos nesta orde, as definicións incorporadas na normativa de destinos, na de ordenación do ensino e na de perfeccionamento e de altos estudos profesionais na Garda Civil.

#### Artigo 4. *Cualificacións específicas da Garda Civil.*

1. As cualificacións específicas da Garda Civil, vinculadas ás especialidades e modalidades que se regulan nesta orde, son as que se inclúen no Catálogo de cualificacións específicas da Garda Civil previsto no Regulamento de ordenación do ensino na Garda Civil, aprobado mediante o Real decreto 131/2018, do 16 de marzo.

2. A adquisición destas cualificacións específicas realizarase de acordo co que se estableza, se é o caso, na normativa que regula o ensino na Garda Civil.

3. As cualificacións específicas que se requiran para o acceso a cada posto de traballo serán recollidas no Catálogo de postos de traballo da Garda Civil conforme o disposto nesta orde e a regulación específica de cada especialidade prevista na disposición derradeira primeira.

#### Artigo 5. *Modalidades e niveis.*

1. Aquelas especialidades que o requiran pola diversidade ou complexidade das capacidades que a configuran articularanse en modalidades, de acordo co que se dispón nesta orde.

Cada modalidade estará asociada a unha cualificación específica de acordo coas funcións que se van desempeñar. Nas modalidades que así se definan no anexo poderase exixir estar en posesión dunha cualificación específica previa.

2. Naquelas especialidades ou modalidades en que así se determina nesta orde poderán existir diferentes niveis de cualificación, de acordo coa normativa do ensino de perfeccionamento e de altos estudos profesionais na Garda Civil. Estes niveis terán en conta as funcións que se asignan no artigo 17 da Lei 29/2014, do 28 de novembro, para as diferentes categorías de empregos e escalas.

#### Artigo 6. *Especialidades e as súas modalidades.*

As especialidades da Garda Civil e as súas respectivas modalidades son as que se determinan a continuación:

##### E1. Actividades subacuáticas (ACSUB).

- M1.1 Mergullador Garda Civil (BGC).
- M1.2 Mergullador Técnico Garda Civil (BTGC).

##### E2. Adestramentos especiais (ADE).

##### E3. Aérea (AER).

- M3.1 Mecánico de avión (AEMA).
- M3.2 Mecánico de helicóptero (AEMH).
- M3.3 Mecánico de aeronaves (AEMAER).
- M3.4 Operador de sistemas (AEOS).
- M3.5 Piloto de avión (AEPA).
- M3.6 Piloto de helicóptero (AEPH).
- M3.7 Oficial de mantemento (AEOF).

##### E4. Armamento e equipamento policial (ARM).

##### E5. Automobilismo (AUT).

##### E6. Cinolóxica (CIN).

- M6.1 Guía de cans (GPE).
- M6.2 Instrutor de guías de cans (GPI).

E7. Criminalística (CRIM).

- M7.1 Dirección (CRD).
- M7.2 Técnico Laboratorio (CRBS).
- M7.3 Técnica Operativa (CRTO).
- M7.4 Antropoloxía (CRA).
- M7.5 Bioloxía (CRBI).
- M7.6 Física (CRF).
- M7.7 Enxeñaría (CRI).
- M7.8 Química (CRQ).

E8. Desactivación de explosivos e defensa NRBQ (TBQ).

E9. Fiscal e fronteiras (FFR).

- M9.1 Dirección (FFD).
- M9.2 Básico (FFB).

E10. Información (INF).

E11. Intervención de armas e explosivos (IAE).

E12. Intervención especial (UEI).

- M12.1 Intervención (UEII).
- M12.2 Apoio Técnico (UEIA).
- M12.3 Mando e Control (UEIM).

E13. Marítima (MAR).

- M13.1 Patrón de embarcacións (MARPE).
- M13.2 Mecánico-Mariñeiro (MARME).
- M13.3 Mecánico de mantemento (MARMT).
- M13.4 Capitán/oficial de sección de ponte de buque oceánico (BOPU).
- M13.5 Xefe/oficial de máquinas de buque oceánico (BOMQ).

E14. Montaña (MT).

- M14.1 Especialista en montaña (MTE).
- M14.2 Instrutor de montaña (MTI).

E15. Policía Xudicial (PJU).

E16. Prevención de riscos laborais (PRL).

E17. Protección da natureza (PRONA).

- M17.1 Dirección (PND).
- M17.2 Equipos (PNE).
- M17.3 Patrullas (PNP).

E18. Tráfico (TR).

- M18.1 Dirección (TRD).
- M18.2 Motorista (TRM).
- M18.3 Atestados (TRA).

E19. Recoñecemento do subsolo (RSUB).

E20. Seguridade e Intervención (SEIN).

- M20.1 Reserva e seguridade (ERS).
- M20.2 Ecuestre (ECE).

E21. Tecnoloxías da información (TEIN).

- M21.1 Dirección (DTIC).
- M21.2 Técnica (TTIC).
- M21.3 Apoio ás Tecnoloxías da Información (GATI).

Artigo 7. *Requisitos para a obtención dunha especialidade e condicións para o seu exercicio.*

1. O requisito fundamental para a obtención dunha especialidade e, se é o caso, das modalidades vinculadas a cada unha delas é a acreditación da cualificación específica necesaria para o seu exercicio. Ademais, o exercicio das funcións como especialista require a ocupación dun posto orgánico para cuxa asignación ou ocupación temporal sexa preceptiva a dita cualificación específica.

2. A asignación de postos orgánicos de especialistas e a súa ocupación temporal poderá estar condicionada por algunhas das seguintes circunstancias:

a) De tipo profesional, en relación co futuro desempeño como especialista, entre as que poderán figurar determinadas escalas, categorías ou empregos, sen prexuízo daqueloutras limitacións que deriven da normativa de provisión de destinos.

b) De idade.

c) De especiais condicións psicofísicas.

d) De titulacións ou aptitudes previamente adquiridas.

e) Estar en posesión dun determinado nivel ou perfil lingüístico.

Artigo 8. *Escalas, empregos e situacións administrativas en que se pode adquirir e manter a especialidade.*

As escalas e empregos, así como as situacións administrativas en que se pode adquirir e manter cada especialidade nas súas diferentes modalidades, descríbense para cada unha delas no anexo desta orde.

Artigo 9. *Requisitos e condicións para o mantemento, a renovación e a caducidade das cualificacións específicas.*

1. A necesidade do establecemento de medidas específicas para o mantemento e a renovación das cualificacións específicas será determinada no anexo desta orde para cada especialidade e, se é o caso, as súas correspondentes modalidades.

A normativa de desenvolvemento de cada especialidade recollerá a concreción destas medidas.

2. Aquelas cualificacións específicas, para as que se previse a necesidade de mantemento ou renovación, caducarán de acordo co disposto na normativa que regula o ensino de perfeccionamento e de altos estudos profesionais na Garda Civil e na normativa de desenvolvemento de cada especialidade.

Artigo 10. *Perda das cualificacións específicas.*

1. A perda dunha cualificación específica determinarase por instancia da autoridade correspondente que, para cada especialidade, se recolle no anexo desta orde, por resolución do director xeral da Garda Civil, por proposta do xefe do Mando de Persoal, polas causas previstas na normativa que regula o ensino de perfeccionamento e de altos estudos profesionais na Garda Civil, e a ditada en desenvolvemento das distintas especialidades.

Para iso instruírse un expediente de acordo co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Na súa virtude, o prazo máximo para resolver e notificar a resolución será de seis meses a partir

da orde de incoación, e a falta de resolución en prazo producirá a caducidade do expediente.

Contra a resolución que se adopte poderá interpoñerse recurso de alzada de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

2. Cando se acorde con carácter firme a perda dunha cualificación específica requirida para ocupar un posto orgánico de especialista, acordarase o cesamento no destino do afectado, de acordo co previsto na normativa de destinos do persoal da Garda Civil.

3. O persoal que sexa declarado apto con limitacións para ocupar determinados destinos por insuficiencia de condicións psicofísicas perderá as cualificacións específicas cando as limitacións declaradas sexan identificadas como incompatibles co mantemento das competencias asociadas a cada cualificación, segundo a especialidade ou modalidade que corresponda, de acordo coas categorías recollidas na normativa de provisión de destinos na Garda Civil.

4. O persoal a que se refire o número anterior que, tras ser avaliado novamente sobre as súas condicións psicofísicas, volva ser declarado apto para o servizo, poderá recuperar as cualificacións específicas que perdese, de acordo co que se estableza na normativa que regula o ensino de perfeccionamento. Tamén poderá recuperar, se é o caso, o destino nun posto orgánico de especialista, cando reúna as condicións que se establezan para iso na normativa de provisión de destinos.

#### Artigo 11. *Compatibilidade entre as diferentes especialidades.*

Naquelas unidades en que resulte necesario que parte do seu persoal compatibilice o exercicio do seu destino ou especialidade con outra especialidade ou modalidade distinta poderá ser proposto, por necesidades do servizo, e de acordo coa normativa do ensino de perfeccionamento e de altos estudos profesionais, para a obtención da conseguinte cualificación específica, se non a posúe.

No anexo desta orde recóllese, para aquelas en que resulte de aplicación, a posibilidade de compatibilidade entre especialidades e o seu exercicio simultáneo.

#### Artigo 12. *Condicións xerais de cumprimento da servidume por razón de título.*

1. Para cada unha das especialidades e as súas modalidades definidas no artigo 6 establécense períodos de servidume no anexo desta orde e o seu cumprimento levarase a cabo de acordo coa normativa de provisión de destinos e a do ensino de perfeccionamento e de altos estudos profesionais na Garda Civil.

2. As servidumes correspondentes ás especialidades e as súas modalidades cuxo exercicio se compatibilice, de acordo co previsto no artigo 11, cumpriranse no posto orgánico de orixe conforme o regulado na normativa de destinos e do ensino de perfeccionamento e de altos estudos profesionais na Garda Civil.

No anexo desta orde recóllese, para aquelas cualificacións específicas en que resulte de aplicación, o cumprimento da servidume en postos orgánicos distintos aos directamente vinculados con elas.

#### Artigo 13. *Validacións entre as cualificacións específicas.*

1. O Catálogo de cualificacións específicas da Garda Civil previsto no Regulamento de ordenación do ensino na Garda Civil será o instrumento fundamental para a acreditación de validacións e homologacións que proceda entre as diferentes especialidades.

2. Os plans de estudos dos diferentes cursos de especialización que con cuxa superación se adquira unha cualificación específica serán elaborados sobre a base do Catálogo de cualificacións específicas, e de acordo coa normativa sobre o ensino de perfeccionamento e de altos estudos profesionais na Garda Civil. Estas cualificacións poderán ser acreditadas para a súa validación mediante a superación dos correspondentes módulos formativos.



Disposición adicional primeira. *Contido das cualificacións específicas.*

O xefe da Xefatura de Ensino da Garda Civil propoñerá ao director da Garda Civil o contido das cualificacións específicas, de acordo coas competencias profesionais que determinen as xefaturas ou órganos dos cales dependan as unidades de especialistas, que deriven da aprobación desta orde ministerial, e coa normativa que regula o ensino na Garda Civil.

Disposición adicional segunda. *Función de seguridade cidadá.*

O persoal que desempeñe a función de seguridade cidadá que presta a Garda Civil, en relación coa misión constitucional que ten encomendada, continuará adquirindo as competencias necesarias no ensino de formación e a actualización de coñecementos que resulten necesarios para o mantemento e potenciación destas, no sistema de formación continua do ensino de perfeccionamento da Garda Civil, e non se verá afectado nos restantes aspectos do réxime estatutario que, como función, desempeñaba ata a entrada en vigor desta orde.

Disposición adicional terceira. *Adaptacións orgánicas.*

1. Ao persoal destinado en unidades que se vexa afectado pola modificación das denominacións de posto de traballo e función, de acordo co artigo 6 e o anexo desta orde, seranlle de aplicación as medidas de adaptación orgánica e os efectos correspondentes previstos na normativa de destinos na Garda Civil.

2. Os postos de traballo despregados en unidades de especialistas para cuxa ocupación non se requira a correspondente cualificación específica terán a función xenérica correspondente a mando/plana maior.

Disposición transitoria primeira. *Homologación das cualificacións específicas.*

O persoal que previamente á entrada en vigor desta orde ministerial adquirise os coñecementos necesarios para o exercicio dunha especialidade poderá obter a homologación das cualificacións específicas correspondentes na forma que determine a Xefatura de Ensino da Garda Civil, sempre e cando se acredite a posesión das competencias exhibibles para cada cualificación específica obtidas a través da súa experiencia profesional ou da formación recibida.

As cualificacións, así obtidas, poderán complementarse coas actividades formativas teóricas ou prácticas que sexan necesarias.

Disposición transitoria segunda. *Requisitos e servidumes asociados aos postos orgánicos de especialistas.*

1. O persoal que se encontre destinado ou ocupando temporalmente un posto de traballo en que, sen ser especialista, poida cumprir a servidume por razón do título que teña, e que na entrada en vigor desta orde ministerial deba ser considerado como un posto orgánico de especialista, completará o período de servidume na especialidade que lle reste por cumprir, conforme a normativa anterior.

2. O persoal, ao cal lle afecten as homologacións das cualificacións específicas a que se refire a disposición transitoria primeira, cumprirá o período de servidume na especialidade contabilizándoo desde a data de ocupación do posto de traballo cuxo requisito de titulación como posto orgánico de especialista motiva a homologación da cualificación correspondente ou, se é o caso, engadindo o tempo en que permaneceu ocupando aqueles postos de traballo similares en que se exixa a mesma cualificación específica.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

1. Queda derogada a Orde INT/574/2003, do 13 de marzo, pola que se regula a especialidade de tráfico na Garda Civil.
2. Así mesmo, quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta orde.

Disposición derradeira primeira. *Regulación das especialidades.*

No prazo de tres meses a partir da data de entrada en vigor desta orde, o director xeral da Garda Civil aprobará a regulación específica de cada especialidade, en que se fixarán as competencias profesionais correspondentes a cada cualificación específica, os requisitos e condicións exixidos, se é o caso, para a ocupación dos postos orgánicos de especialista, así como aqueles para o mantemento, renovación e, se é o caso, para a declaración de caducidade das ditas cualificacións específicas. Ademais, determinará a estrutura, organización e funcións de cada unha das unidades de especialistas.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde ministerial entrará en vigor ao ano da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*.

Madrid, 3 de xuño de 2020.—A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática, Carmen Calvo Poyato.



## ANEXO

## Fichas técnicas das especialidades e as súas respectivas modalidades

Denominación da especialidade	ACTIVIDADES SUBACUÁTICAS					
Modalidade	MERGULLADOR GARDA CIVIL					
Escalas	Escalas obtención			Escalas ocupación postos orgánicos		
	EO e EO Lei 42/1999	ESUB	ECeG	EO e EO Lei 42/1999	ESUB	ECeG
	X	X	X	X	X	X
Empregos obtención:	CAPITÁN	SARXENTO 1º	CABO 1º			
	TENENTE	SARXENTO	CABO			
Empregos ocupación postos orgánicos:				CORONEL	SUBTENENTE	CABO 1º
				TENENTE CORONEL	BRIGADA	CABO
				COMANDANTE	SARXENTO 1º	GARDA CIVIL
				CAPITÁN	SARXENTO	
				TENENTE		
Situacións administrativas de ocupación:	ACTIVO					
Cualificacións previas requiridas:	NINGUNHA					
Cualificacións requiridas:	BGC					
Límite idade de acceso á cualificación:	SI					
Límite idade de permanencia en postos orgánicos de especialistas:	NON					
Postos orgánicos cumprimento servidume:	Unidade	Posto orgánico		Función		
				ACTIVIDADES SUBACUÁTICAS		
Postos orgánicos cumprimento servidume (artigos 11 e 12.2):	Unidade	Posto orgánico		Función		
	CENTRO DE ADESTRAMENTOS ESPECIAIS			ADESTRAMENTOS ESPECIAIS		
	UNIDADE ESPECIAL DE INTERVENCIÓN			INTERVENCIÓN ESPECIAL		
	UNIDADE SEGURIDADE CASA S.M. O REI UNIDADE SEGURIDADE PRESIDENCIA GOBERNO					
Probas/condicións de mantemento de cualificacións:	SI					
Probas/condicións de renovación de cualificacións:	SI					
Autoridade que insta a perda da especialidade:	XEFE DA UNIDADE DE ACTIVIDADES SUBACUÁTICAS					
Período servidume para efectos art. 19.2.b e c da Orde PCI/349/2019, do 25 de marzo, sobre o ensino de perfeccionamento e de altos estudos profesionais na Garda Civil (OM EPeAE):	4 ANOS					

Denominación da especialidade	ACTIVIDADES SUBÁCUÁTICAS					
Modalidade	MERGULLADOR TÉCNICO GARDA CIVIL					
Escalas	Escalas obtención			Escalas ocupación postos orgánicos		
	EO e EO Lei 42/1999	ESUB	ECeG	EO e EO Lei 42/1999	ESUB	ECeG
	X	X	X	X	X	X
Empregos obtención:	CAPITÁN	SARXENTO 1º	CABO 1º			
	TENENTE	SARXENTO	CABO			
			GARDA CIVIL			
Empregos ocupación postos orgánicos:				CORONEL	SUBTENENTE	CABO 1º
				TENENTE CORONEL	BRIGADA	CABO
				COMANDANTE	SARXENTO 1º	GARDA CIVIL
				CAPITÁN	SARXENTO	
TENENTE						
Situacións administrativas de ocupación:	ACTIVO					
Cualificacións previas requiridas:	BGC					
Cualificacións requiridas:	BTGC					
Límite idade de acceso á cualificación:	SI					
Límite idade de permanencia en postos orgánicos de especialistas:	NON					
Postos orgánicos cumprimento servidume:	Unidade		Posto orgánico		Función	
			ESPECIALISTA TÉCNICO ACTIV. SUBACUÁTICAS		ACTIVIDADES SUBACUÁTICAS	
Postos orgánicos cumprimento servidume (artigos 11 e 12.2):	Unidade		Posto orgánico		Función	
Probas/condicións de mantemento de cualificacións:	SI					
Probas/condicións de renovación de cualificacións:	SI					
Autoridade que insta a perda da especialidade:	XEFE DA UNIDADE DE ACTIVIDADES SUBACUÁTICAS					
Período servidume para efectos art. 19.2.b e c da OM EPeAE:	3 ANOS					

Denominación da especialidade	ADESTRAMENTOS ESPECIAIS					
	Escalas obtención			Escalas ocupación postos orgánicos		
Escalas	EO e EO Lei 42/1999	ESUB	ECeG	EO e EO Lei 42/1999	ESUB	ECeG
	X	X	X	X	X	X
Empregos obtención:	CAPITÁN	SARXENTO 1º	CABO 1º			
	TENENTE	SARXENTO	CABO			
			GARDA CIVIL			
Empregos ocupación postos orgánicos:				CORONEL	SUBTENENTE	CABO 1º
				TENENTE CORONEL	BRIGADA	CABO
				COMANDANTE	SARXENTO 1º	GARDA CIVIL
				CAPITÁN	SARXENTO	
				TENENTE		
Situacións administrativas de ocupación:	ACTIVO E RESERVA					
Cualificacións previas requiridas:	NINGUNHA					
Cualificacións requiridas:	ADE					
Límite idade de acceso á cualificación:	SI					
Límite idade de permanencia en postos orgánicos de especialistas:	NON					
Postos orgánicos cumprimento servidume:	Unidade	Posto orgánico		Función		
				ADESTRAMENTOS ESPECIAIS		
Postos orgánicos cumprimento servidume (artigos 11 e 12.2):	Unidade	Posto orgánico		Función		
	UNIDADE ESPECIAL DE INTERVENCIÓN			INTERVENCIÓN ESPECIAL		
	UNIDADE SEGURIDADE CASA S.M. O REI					
Probas/condicións de mantemento de cualificacións:	SI					
Probas/condicións de renovación de cualificacións:	SI					
Autoridade que insta a perda da especialidade:	XEFE DA UNIDADE DE ACCIÓN RURAL					
Período servidume para efectos art. 19.2.b e c da OM EPeAE:	4 ANOS					

Denominación da especialidade	AÉREA					
Modalidade	MECÁNICO DE AVIÓN					
Escalas	Escalas obtención			Escalas ocupación postos orgánicos		
	EO e EO Lei 42/1999	ESUB	ECeG	EO e EO Lei 42/1999	ESUB	ECeG
		X	X	X	X	X
Empregos obtención:		SARXENTO 1º	CABO 1º			
		SARXENTO	CABO			
			GARDA CIVIL			
Empregos ocupación postos orgánicos:				TENENTE	SUBTENENTE	CABO 1º
					BRIGADA	CABO
					SARXENTO 1º	GARDA CIVIL
					SARXENTO	
Situacións administrativas de ocupación:	ACTIVO E RESERVA					
Cualificacións previas requiridas:	NINGUNHA					
Cualificacións requiridas:	AEMA					
Límite idade de acceso á cualificación:	SI					
Límite idade de permanencia en postos orgánicos de especialistas:	NON					
Postos orgánicos cumprimento servidume:	Unidade		Posto orgánico		Función	
			MECÁNICO DE AVIÓN		AÉREA	
Postos orgánicos cumprimento servidume (artigos 11 e 12.2):	Unidade		Posto orgánico		Función	
Probas/condicións de mantemento de cualificacións:	SI					
Probas/condicións de renovación de cualificacións:	NON					
Autoridade que insta a perda da especialidade:	XEFE DO SERVIZO AÉREO					
Período servidume para efectos art. 19.2.b e c da OM EPeAE:	5 ANOS					

Denominación da especialidade	AÉREA					
Modalidade	MECÁNICO DE HELICÓPTERO					
Escalas	Escalas obtención			Escalas ocupación postos orgánicos		
	EO e EO Lei 42/1999	ESUB	ECeG	EO e EO Lei 42/1999	ESUB	ECeG
		X	X	X	X	X
Empregos obtención:		SARXENTO 1º	CABO 1º			
		SARXENTO	CABO			
			GARDA CIVIL			
Empregos ocupación postos orgánicos:				TENENTE	SUBTENENTE	CABO 1º
					BRIGADA	CABO
					SARXENTO 1º	GARDA CIVIL
					SARXENTO	
Situacións administrativas de ocupación:	ACTIVO E RESERVA					
Cualificacións previas requiridas:	NINGUNHA					
Cualificacións requiridas:	AEMH					
Límite idade de acceso á cualificación:	SI					
Límite idade de permanencia en postos orgánicos de especialistas:	NON					
Postos orgánicos cumprimento servidume:	Unidade		Posto orgánico		Función	
			MECÁNICO HELICÓPTEROS		AÉREA	
Postos orgánicos cumprimento servidume (artigos 11 e 12.2):	Unidade		Posto orgánico		Función	
Probas/condicións de mantemento de cualificacións:	SI					
Probas/condicións de renovación de cualificacións:	NON					
Autoridade que insta a perda da especialidade:	XEFE DO SERVIZO AÉREO					
Periodo servidume para efectos art. 19.2.b e c da OM EPeAE:	5 ANOS					

Denominación da especialidade	AÉREA					
Modalidade	MECÁNICO DE AERONAVES					
Escalas	Escalas obtención			Escalas ocupación postos orgánicos		
	EO e EO Lei 42/1999	ESUB	ECeG	EO e EO Lei 42/1999	ESUB	ECeG
		X	X	X	X	X
Empregos obtención:		SARXENTO 1º	CABO 1º			
		SARXENTO	CABO			
			GARDA CIVIL			
Empregos ocupación postos orgánicos:				TENENTE	SUBTENENTE	CABO 1º
					BRIGADA	CABO
					SARXENTO 1º	GARDA CIVIL
					SARXENTO	
Situacións administrativas de ocupación:	ACTIVO E RESERVA					
Cualificacións previas requiridas:	NINGUNHA					
Cualificacións requiridas:	AEMAER					
Límite idade de acceso á cualificación:	SI					
Límite idade de permanencia en postos orgánicos de especialistas:	NON					
Postos orgánicos cumprimento servidume:	Unidade		Posto orgánico		Función	
			MECÁNICO DE AVIÓN		AÉREA	
			MECÁNICO HELICÓPTEROS		AÉREA	
Postos orgánicos cumprimento servidume (artigos 11 e 12.2):	Unidade		Posto orgánico		Función	
Probas/condicións de mantemento de cualificacións:	SI					
Probas/condicións de renovación de cualificacións:	NON					
Autoridade que insta a perda da especialidade:	XEFE DO SERVIZO AÉREO					
Período servidume para efectos art. 19.2.b e c da OM EPeAE:	5 ANOS					

Denominación da especialidade	AÉREA					
Modalidade	OPERADOR DE SISTEMAS					
Escalas	Escalas obtención			Escalas ocupación postos orgánicos		
	EO e EO Lei 42/1999	ESUB	ECeG	EO e EO Lei 42/1999	ESUB	ECeG
		X	X		X	X
Empregos obtención:		SARXENTO 1º	CABO 1º			
		SARXENTO	CABO			
			GARDA CIVIL			
Empregos ocupación postos orgánicos:					SUBTENENTE	CABO 1º
					BRIGADA	CABO
					SARXENTO 1º	GARDA CIVIL
					SARXENTO	
Situacións administrativas de ocupación:	ACTIVO E RESERVA					
Cualificacións previas requiridas:	NINGUNHA					
Cualificacións requiridas:	AEOS					
Límite idade de acceso á cualificación:	SI					
Límite idade de permanencia en postos orgánicos de especialistas:	NON					
Postos orgánicos cumprimento servidume:	Unidade		Posto orgánico		Función	
			OPERADOR DE SISTEMAS		AÉREA	
Postos orgánicos cumprimento servidume (artigos 11 e 12.2):	Unidade		Posto orgánico		Función	
Probas/condicións de mantemento de cualificacións:	SI					
Probas/condicións de renovación de cualificacións:	NON					
Autoridade que insta a perda da especialidade:	XEFE DO SERVIZO AÉREO					
Período servidume para efectos art. 19.2.b e c da OM EPeAE:	5 ANOS					



Denominación da especialidade	AÉREA					
Modalidade	PILOTO DE AVIÓN					
Escalas	Escalas obtención			Escalas ocupación postos orgánicos		
	EO e EO Lei 42/1999	ESUB	ECeG	EO e EO Lei 42/1999	ESUB	ECeG
	X	X		X	X	
Empregos obtención:	CAPITÁN	SARXENTO 1º				
	TENENTE	SARXENTO				
Empregos ocupación postos orgánicos:				TENENTE CORONEL	SUBTENENTE	
				COMANDANTE	BRIGADA	
				CAPITÁN	SARXENTO 1º	
				TENENTE	SARXENTO	
Situacións administrativas de ocupación:	ACTIVO					
Cualificacións previas requiridas:	NINGUNHA					
Cualificacións requiridas:	AEPA					
Límite idade de acceso á cualificación:	SI					
Límite idade de permanencia en postos orgánicos de especialistas:	NON					
Postos orgánicos cumprimento servidume:	Unidade		Posto orgánico		Función	
			PILOTO DE AVIÓN		AÉREA	
			XEFE DE SECCIÓN		AÉREA	
			XEFE DE GRUPO		AÉREA	
Postos orgánicos cumprimento servidume (artigos 11 e 12.2):	Unidade		Posto orgánico		Función	
Probas/condicións de mantemento de cualificacións:	SI					
Probas/condicións de renovación de cualificacións:	NON					
Autoridade que insta a perda da especialidade:	XEFE DO SERVIZO AÉREO					
Periodo servidume para efectos art. 19.2.b e c da OM EPeAE:	5 ANOS					

Denominación da especialidade	AÉREA					
Modalidade	PILOTO DE HELICÓPTERO					
Escalas	Escalas obtención			Escalas ocupación postos orgánicos		
	EO e EO Lei 42/1999	ESUB	ECeG	EO e EO Lei 42/1999	ESUB	ECeG
	X	X		X	X	X
Empregos obtención:	CAPITÁN	SARXENTO 1º				
	TENENTE	SARXENTO				
Empregos ocupación postos orgánicos:				TENENTE CORONEL	SUBTENENTE	CABO 1º
				COMANDANTE	BRIGADA	CABO
				CAPITÁN	SARXENTO 1º	
				TENENTE	SARXENTO	
Situacións administrativas de ocupación:	ACTIVO					
Cualificacións previas requiridas:	NINGUNHA					
Cualificacións requiridas:	AEPH					
Límite idade de acceso á cualificación:	SI					
Límite idade de permanencia en postos orgánicos de especialistas:	NON					
Postos orgánicos cumprimento servidume:	Unidade		Posto orgánico		Función	
			PILOTO HELICÓPTEROS		AÉREA	
			XEFE DE SECCIÓN		AÉREA	
Postos orgánicos cumprimento servidume (artigos 11 e 12.2):	Unidade		Posto orgánico		Función	
			XEFE DE GRUPO		AÉREA	
Probas/condicións de mantemento de cualificacións:	SI					
Probas/condicións de renovación de cualificacións:	NON					
Autoridade que insta a perda da especialidade:	XEFE DO SERVIZO AÉREO					
Período servidume para efectos art. 19.2.b e c da OM EPeAE:	5 ANOS					

Denominación da especialidade	AÉREA					
Modalidade	OFICIAL DE MANTEMENTO					
Escalas	Escalas obtención			Escalas ocupación postos orgánicos		
	EO e EO Lei 42/1999	ESUB	ECeG	EO e EO Lei 42/1999	ESUB	ECeG
	X			X		
Empregos obtención:	CAPITÁN					
	TENENTE					
Empregos ocupación postos orgánicos:				TENENTE CORONEL		
				COMANDANTE		
				CAPITÁN		
				TENENTE		
Situacións administrativas de ocupación:	ACTIVO					
Cualificacións previas requiridas:	AEMA ou AEMH ou AEMAER ou AEPA ou AEPH					
Cualificacións requiridas:	AEOF					
Límite idade de acceso á cualificación:	SI					
Límite idade de permanencia en postos orgánicos de especialistas:	NON					
Postos orgánicos cumprimento servidume:	Unidade		Posto orgánico		Función	
			OFICIAL MANTEMENTO		AÉREA	
			XEFE DE SECCIÓN		AÉREA	
			XEFE DE GRUPO		AÉREA	
Postos orgánicos cumprimento servidume (artigos 11 e 12.2):	Unidade		Posto orgánico		Función	
Probas/condicións de mantemento de cualificacións:	SI					
Probas/condicións de renovación de cualificacións:	NON					
Autoridade que insta a perda da especialidade:	XEFE DO SERVIZO AÉREO					
Período servidume para efectos art. 19.2.b e c da OM EPeAE:	5 ANOS					

Denominación da especialidade	ARMAMENTO E EQUIPAMENTO POLICIAL					
Escalas	Escalas obtención			Escalas ocupación postos orgánicos		
	EO e EO Lei 42/1999	ESUB	ECeG	EO e EO Lei 42/1999	ESUB	ECeG
		X	X		X	X
Empregos obtención:		SUBTENENTE	CABO 1º			
		BRIGADA	CABO			
		SARXENTO 1º	GARDA CIVIL			
		SARXENTO				
Empregos ocupación postos orgánicos:					SUBTENENTE	CABO 1º
					BRIGADA	CABO
					SARXENTO 1º	GARDA CIVIL
					SARXENTO	
Situacións administrativas de ocupación:	ACTIVO					
Cualificacións previas requiridas:	NINGUNHA					
Cualificacións requiridas:	ARM					
Límite idade de acceso á cualificación:	SI					
Límite idade de permanencia en postos orgánicos de especialistas:	NON					
Postos orgánicos cumprimento servidume:	Unidade	Posto orgánico		Función		
				ARMAMENTO		
Postos orgánicos cumprimento servidume (artigos 11 e 12.2):	Unidade	Posto orgánico		Función		
	GRUPO DE ACCIÓN RÁPIDA			ADESTRAMENTOS ESPECIAIS		
	GRUPO DE RESERVA E SEGURIDADE			RESERVA E SEGURIDADE		
		ESPECIALISTA CRIMINALÍSTICA FÍSICA		CRIMINALÍSTICA		
	UNIDADE ESPECIAL DE INTERVENCIÓN			INTERVENCIÓN ESPECIAL		
	UNIDADE SEGURIDADE CASA S.M. O REI					
UNIDADE SEGURIDADE PRESIDENCIA GOBERNO						
Probas/condicións de mantemento de cualificacións:	SI					
Probas/condicións de renovación de cualificacións:	NON					
Autoridade que insta a perda da especialidade:	XEFE DO SERVIZO DE ARMAMENTO E EQUIPAMENTO POLICIAL					
Período servidume para efectos art. 19.2.b e c da OM EPeAE:	4 ANOS					

Denominación da especialidade	AUTOMOBILISMO					
	Escalas obtención			Escalas ocupación postos orgánicos		
Escalas	EO e EO Lei 42/1999	ESUB	ECeG	EO e EO Lei 42/1999	ESUB	ECeG
NIVEL B		X			X	
NIVEL C			X			X
Empregos obtención:		SUBTENENTE	CABO 1º			
		BRIGADA	CABO			
		SARXENTO 1º	GARDA CIVIL			
		SARXENTO				
Empregos ocupación postos orgánicos:					SUBTENENTE	CABO 1º
					BRIGADA	CABO
					SARXENTO 1º	GARDA CIVIL
					SARXENTO	
Situacións administrativas de ocupación:	ACTIVO E RESERVA					
Cualificacións previas requiridas:	NINGUNHA					
Cualificacións requiridas:	AUT					
Límite idade de acceso á cualificación:	SI					
Límite idade de permanencia en postos orgánicos de especialistas:	NON					
Postos orgánicos cumprimento servidume:	Unidade		Posto de traballo		Función	
			XEFE DESTACAMENTO		AUTOMOBILISMO	
			MECÁNICO AUTOMOBILISMO		AUTOMOBILISMO	
			CONDUTOR AUTOMOBILISMO		AUTOMOBILISMO	
Postos orgánicos cumprimento servidume (artigos 11 e 12.2):	Unidade		Posto de traballo		Función	
	GRUPO DE ACCIÓN RÁPIDA				ADESTRAMENTOS ESPECIAIS	
	UNIDADE ESPECIAL DE INTERVENCIÓN				RESERVA E SEGURIDADE	
	UNIDADE SEGURIDADE CASA S.M. O REI				INTERVENCIÓN ESPECIAL	
	UNIDADE SEGURIDADE PRESIDENCIA GOBERNO					
Probas/condicións de mantemento de cualificacións:	SI					
Probas/condicións de renovación de cualificacións:	SI					
Autoridade que insta a perda da especialidade:	XEFE DO SERVIZO DE MATERIAL MÓBIL					
Periodo servidume para efectos art. 19.2.b e c da OM EPeAE:	4 ANOS					

Denominación da especialidade	CINOLÓXICA					
Modalidade	GUÍA DE CANS					
Escalas	Escalas obtención			Escalas ocupación postos orgánicos		
	EO e EO Lei 42/1999	ESUB	ECeG	EO e EO Lei 42/1999	ESUB	ECeG
	X	X	X	X	X	X
Empregos obtención:	CAPITÁN	SUBTENENTE	CABO 1º			
	TENENTE	BRIGADA	CABO			
		SARGENTO1º	GARDA CIVIL			
		SARXENTO				
Empregos ocupación postos orgánicos:				CORONEL	SUBTENENTE	CABO 1º
				TENENTE CORONEL	BRIGADA	CABO
				COMANDANTE	SARXENTO 1º	GARDA CIVIL
				CAPITÁN	SARXENTO	
TENENTE						
Situacións administrativas de ocupación:	ACTIVO					
Cualificacións previas requiridas:	NINGUNHA					
Cualificacións requiridas:	GPE					
Límite idade de acceso á cualificación:	SI					
Límite idade de permanencia en postos orgánicos de especialistas:	NON					
Postos orgánicos cumprimento servidume:	Unidade		Posto orgánico		Función	
					CINOLÓXICA	
Postos orgánicos cumprimento servidume (artigos 11 e 12.2):	Unidade		Posto orgánico		Función	
	GRUPO DE ACCIÓN RÁPIDA				ADESTRAMENTOS ESPECIAIS	
					MONTAÑA	
					DESACTIVACIÓN DE EXPLOSIVOS E DEFENSA NRBQ	
	UNIDADE ESPECIAL DE INTERVENCIÓN				INTERVENCIÓN ESPECIAL	
	UNIDADE DE SEGURIDADE CASA S.M. O REI					
UNIDADE SEGURIDADE PRESIDENCIA GOBERNO						
Probas/condicións de mantemento de cualificacións:	SI					
Probas/condicións de renovación de cualificacións:	SI					
Autoridade que insta a perda da especialidade:	XEFE DO SERVIZO CINOLÓXICO E REMONTA					
Período servidume para efectos art. 19.2.b e c da OM EPeAE:	5 ANOS					

Denominación da especialidade	CINOLÓXICA					
Modalidade	INSTRUTOR DE GUÍAS DE CANS					
Escalas	Escalas obtención			Escalas ocupación postos orgánicos		
	EO e EO Lei 42/1999	ESUB	ECeG	EO e EO Lei 42/1999	ESUB	ECeG
	X	X	X	X	X	X
Empregos obtención:	COMANDANTE	SUBTENENTE	CABO1º			
	CAPITÁN	BRIGADA	CABO			
	TENENTE	SARGENTO1º	GARDA CIVIL			
		SARXENTO				
Empregos ocupación postos orgánicos:				COMANDANTE	SUBTENENTE	CABO1º
				CAPITÁN	BRIGADA	CABO
				TENENTE	SARXENTO 1º	GARDA CIVIL
					SARXENTO	
Situacións administrativas de ocupación:	ACTIVO					
Cualificacións previas requiridas:	GPE					
Cualificacións requiridas:	GPI					
Límite idade de acceso á cualificación:	SI					
Límite idade de permanencia en postos orgánicos de especialistas:	NON					
Postos orgánicos cumprimento servidume:	Unidade		Posto de traballo		Función	
	CENTRO DE ADESTRAMENTO DE CANS/UNIDADE CINOLÓXICA CENTRAL		PROFESOR/INSTRUTOR		CINOLÓXICA	
Postos orgánicos cumprimento servidume (artigos 11 e 12.2):	Unidade		Posto orgánico		Función	
Probas/condicións de mantemento de cualificacións:	SI					
Probas/condicións de renovación de cualificacións:	SI					
Autoridade que insta a perda da especialidade:	XEFE DO SERVIZO CINOLÓXICO E REMONTA					
Período servidume a efectos art. 19.2.b e c da OM EPeAE:	3 ANOS					



Denominación da especialidade	CRIMINALÍSTICA					
Modalidade	DIRECCIÓN					
Escalas	Escalas obtención			Escalas ocupación postos orgánicos		
	EO e EO Lei 42/1999	ESUB	ECeG	EO e EO Lei 42/1999	ESUB	ECeG
Nivel A	X			X		
Empregos obtención:	CORONEL					
	TENENTE CORONEL					
	COMANDANTE					
	CAPITÁN					
	TENENTE					
Empregos ocupación postos orgánicos:				CORONEL		
				TENENTE CORONEL		
				COMANDANTE		
				CAPITÁN		
				TENENTE		
Situacións administrativas de ocupación:	ACTIVO E RESERVA					
Cualificacións previas requiridas:	NINGUNHA					
Cualificacións requiridas:	CRD					
Límite idade de acceso á cualificación:	SI					
Límite idade de permanencia en postos orgánicos de especialistas:	NON					
Postos orgánicos cumprimento servidume:	Unidade		Posto orgánico		Función	
	SERVIZO CRIMINALÍSTICA				CRIMINALÍSTICA	
Postos orgánicos cumprimento servidume (artigos 11 e 12.2):	Unidade		Posto orgánico		Función	
	LABORATORIO DE CRIMINALÍSTICA DA UPJZ				CRIMINALÍSTICA	
Probas/condicións de mantemento de cualificacións:	NON					
Probas/condicións de renovación de cualificacións:	NON					
Autoridade que insta a perda da especialidade:	XEFE DO SERVIZO DE CRIMINALÍSTICA					
Periodo servidume para efectos art. 19.2.b e c da OM EPeAE:	5 ANOS					

Denominación da especialidade	CRIMINALÍSTICA					
Modalidade	TÉCNICO LABORATORIO					
Escalas	Escalas obtención			Escalas ocupación postos orgánicos		
	EO e EO Lei 42/1999	ESUB	ECeG	EO e EO Lei 42/1999	ESUB	ECeG
		X	X		X	X
Empregos obtención:		BRIGADA	CABO 1º			
		SARXENTO 1º	CABO			
		SARXENTO	GARDA CIVIL			
Empregos ocupación postos orgánicos:					SUBTENENTE	CABO 1º
					BRIGADA	CABO
					SARXENTO 1º	GARDA CIVIL
					SARXENTO	
Situacións administrativas de ocupación:	ACTIVO E RESERVA					
Cualificacións previas requiridas:	NINGUNHA					
Cualificacións requiridas:	CRBS					
Límite idade de acceso á cualificación:	SI					
Límite idade de permanencia en postos orgánicos de especialistas:	NON					
Postos orgánicos cumprimento servidume:	Unidade		Posto orgánico		Función	
	LABORATORIO DE CRIMINALÍSTICA DA UOPJ		ESPECIALISTA CRIMINALÍSTICA TÉCNICO LABORATORIO		CRIMINALÍSTICA	
Postos orgánicos cumprimento servidume (artigos 11 e 12.2):	Unidade		Posto orgánico		Función	
	UNIDADE CENTRAL OPERATIVA				POLICÍA XUDICIAL	
Probas/condicións de mantemento de cualificacións:	SI					
Probas/condicións de renovación de cualificacións:	NON					
Autoridade que insta a perda da especialidade:	XEFE DO SERVIZO DE CRIMINALÍSTICA					
Período servidume para efectos art. 19.2.b e c da OM EPeAE:	5 ANOS					

Denominación da especialidade	CRIMINALÍSTICA					
Modalidade	TÉCNICA OPERATIVA					
Escalas	Escalas obtención			Escalas ocupación postos orgánicos		
	EO e EO Lei 42/1999	ESUB	ECeG	EO e EO Lei 42/1999	ESUB	ECeG
		X	X		X	X
Empregos obtención:		SUBTENENTE	CABO 1º			
		BRIGADA	CABO			
		SARXENTO 1º	GARDA CIVIL			
		SARXENTO				
Empregos ocupación postos orgánicos:					SUBTENENTE	CABO 1º
					BRIGADA	CABO
					SARXENTO 1º	GARDA CIVIL
					SARXENTO	
Situacións administrativas de ocupación:	ACTIVO E RESERVA					
Cualificacións previas requiridas:	NINGUNHA					
Cualificacións requiridas:	CRTO					
Límite idade de acceso á cualificación:	SI					
Límite idade de permanencia en postos orgánicos de especialistas:	NON					
Postos orgánicos cumprimento servidume:	Unidade		Posto orgánico		Función	
	SERVIZO CRIMINALÍSTICA		ESPECIALISTA CRIMINALÍSTICA TÉCNICA OPERATIVA		CRIMINALÍSTICA	
Postos orgánicos cumprimento servidume (artigos 11 e 12.2):	Unidade		Posto orgánico		Función	
	LABORATORIO DE CRIMINALÍSTICA DA UPJZ		ESPECIALISTA CRIMINALÍSTICA TÉCNICA OPERATIVA		CRIMINALÍSTICA	
Probas/condicións de mantemento de cualificacións:	SI					
Probas/condicións de renovación de cualificacións:	NON					
Autoridade que insta a perda da especialidade:	XEFE DO SERVIZO DE CRIMINALÍSTICA					
Período servidume para efectos art. 19.2.b e c da OM EPeAE:	5 ANOS					

Denominación da especialidade	CRIMINALÍSTICA					
Modalidade	ANTROPOLOXÍA					
Escalas	Escalas obtención			Escalas ocupación postos orgánicos		
	EO e EO Lei 42/1999	ESUB	ECeG	EO e EO Lei 42/1999	ESUB	ECeG
		X	X		X	X
Empregos obtención:		SUBTENENTE	CABO 1º			
		BRIGADA	CABO			
		SARXENTO 1º	GARDA CIVIL			
		SARXENTO				
Empregos ocupación postos orgánicos:					SUBTENENTE	CABO 1º
					BRIGADA	CABO
					SARXENTO 1º	GARDA CIVIL
					SARXENTO	
Situacións administrativas de ocupación:	ACTIVO E RESERVA					
Cualificacións previas requiridas:	NINGUNHA					
Cualificacións requiridas:	CRA					
Límite idade de acceso á cualificación:	SI					
Límite idade de permanencia en postos orgánicos de especialistas:	NON					
Postos orgánicos cumprimento servidume:	Unidade		Posto orgánico		Función	
	SERVIZO CRIMINALÍSTICA		ESPECIALISTA CRIMINALÍSTICA ANTROPOLOXÍA		CRIMINALÍSTICA	
Postos orgánicos cumprimento servidume (artigos 11 e 12.2):	Unidade		Posto orgánico		Función	
Probas/condicións de mantemento de cualificacións:	SI					
Probas/condicións de renovación de cualificacións:	NON					
Autoridade que insta a perda da especialidade:	XEFE DO SERVIZO DE CRIMINALÍSTICA					
Período servidume para efectos art. 19.2.b e c da OM EPeAE:	5 ANOS					

Denominación da especialidade	CRIMINALÍSTICA					
Modalidade	BIOLOXÍA					
Escalas	Escalas obtención			Escalas ocupación postos orgánicos		
	EO e EO Lei 42/1999	ESUB	ECeG	EO e EO Lei 42/1999	ESUB	ECeG
		X	X		X	X
Empregos obtención:		SUBTENENTE	CABO 1º			
		BRIGADA	CABO			
		SARXENTO 1º	GARDA CIVIL			
		SARXENTO				
Empregos ocupación postos orgánicos:					SUBTENENTE	CABO 1º
					BRIGADA	CABO
					SARXENTO 1º	GARDA CIVIL
					SARXENTO	
Situacións administrativas de ocupación:	ACTIVO E RESERVA					
Cualificacións previas requiridas:	NINGUNHA					
Cualificacións requiridas:	CRBI					
Límite idade de acceso á cualificación:	SI					
Límite idade de permanencia en postos orgánicos de especialistas:	NON					
Postos orgánicos cumprimento servidume:	Unidade		Posto orgánico		Función	
	SERVIZO CRIMINALÍSTICA		ESPECIALISTA CRIMINALÍSTICA BIOLOXÍA		CRIMINALÍSTICA	
Postos orgánicos cumprimento servidume (artigos 11 e 12.2):	Unidade		Posto orgánico		Función	
Probas/condicións de mantemento de cualificacións:	SI					
Probas/condicións de renovación de cualificacións:	NON					
Autoridade que insta a perda da especialidade:	XEFE DO SERVIZO DE CRIMINALÍSTICA					
Período servidume para efectos art. 19.2.b e c da OM EPeAE:	5 ANOS					

Denominación da especialidade	CRIMINALÍSTICA					
Modalidade	FÍSICA					
